

Editores de texto

Introducción:

Un editor de texto é unha aplicación, programa ou ferramenta que serve, principalmente para a creación e (valga a redundancia) edición de arquivos de texto.

Vou explicar, a grandes rasgos o funcionamento de 3 editores de texto, os máis utilizados. Estes editores son: Vim. Emacs e Pico ou a súa versión GPL nano.

Para amosar o funcionamento dos editores, farei unha pequena introducción de cada un e porei unha pequena guía de referencia das ordes de cada editor.

Vim:

Ou Vi Improved é a versión mellorada do editor de texto clásico dos sistemas UNIX e está, normalmente, presente na instalación base da maioría das distribucións Linux. Como característica principal, pódese dicir que este editor destaca por ser bastante sinxelo.

Este editor ten 3 modos de funcionamento: Comandos, edición e ex.

Cando lanzamos o editor entramos en modo comandos. Estes comandos son, normalmente unha soa letra. Despois, dende calquera dos outros modos podemos pasar a este pulsando a tecla *Esc*.

O modo de funcionamento de edición é o que se utiliza para editar o texto, é dicir, permítenos engadir texto, borrarlo, etc.

O modo de funcionamento *ex* é o que se refire ó manexo dos arquivos, gardar, saír, etc. Neste modo, os comandos van precedidos por : (dous puntos xD) .

Referencia:

Para amosar o funcionamento supoñemos que estamos en modo comando.

Introducción de texto:

Seguinte caracter: a.

No mesmo caracter no que esté o cursor: i.

Na seguinte liña: o.

Borrado de texto:

Un caracter: x.

Unha liña: dd. O texto borrado desta forma poderase pegar escribindo p (na seguinte liña) e P (na anterior liña).

Unha palabra: dw.

Reemprazo de texto:

Un caracter: r.

Todo o que esté despois do cursor: R.

Cambiar minúsculas por maiusculas: ~.

Moverse polo arquivo:

Inicio da liña: 0.

Fin da liña: \$.

Principio da seguinte palabra: w.

Principio da palabra onde está o cursor: b.

Seguinde páxina: Ctrl + F.

Páxina anterior: Ctrl + B.

Fin do arquivo: G.

N-esima liña: :n.

Búsqueda:

Realizar unha búsqueda: /cadea a buscar.

Para ver os seguintes resultados da búsqueda: n.

Mezcla de opcións:

Podemos utilizar os comandos explicados arriba conxuntamente, por exemplo:

- Borrar dende onde estamos ó fin da liña: d\$.

- Borrar dende onde estamos ó fin do arquivo: dG.

Gardar e saír:

Escribir os cambios: :w.

Saír: :q.

Saír e descartar os cambios: :q!.

Abrir un segundo arquivo:

Para isto debemos gardar os cambios no arquivo que estamos editando e despois executar: :e ficheiro.

Inclusión de outros ficheiros:

Engadir o contido de outro ficheiro na seguinte liña á do cursor: `:r ficheiro`.

Execución de comandos:

Executar o comando na shell: `:! comando`.

Executar o comando e gardar a saída a continuación no arquivo: `:r! comando`.

Cambio de posición:

Copiar unha liña: `yy`.

Emacs:

Este é o editor creado pola FSF dentro do proxecto GNU.

A diferenza de vim, Emacs é un programa moito máis complexo, que ademais de editor de texto ten a opción de enviar correo, un interprete de linguaxe LISP, etc.

Emacs, ó igual que vim, ten varios modos de edición. O modo de edición de texto chámase Fundamental, pero hai modos de edición, por exemplo para código C.

Os comandos deste editor están compostos, basicamente, por combinación de “Alt” e “Ctrl” con outras teclas.

Os usuarios de Emacs refírense a Alt como M e a Ctrl como C, polo que M-c significa Alt + c e C-x refírese a Ctrl + x.

Referencia:

Moverse polo arquivo:

Seguinte liña: C-n.

Liña anterior: C-p.

Principio da liña: C-a.

Fin da liña: C-e.

Seguinte caracter: C-f.

Caracter anterior: C-b.

Seguinte páxina: C-v.

Paxina anterior: M-v.

Sair do arquivo:

Saír e preguntar para gardar: C-x C-c.

Gardar os cambios: C-x C-s.

Edición de varios arquivos:

Abrir novo arquivo: C-x C-f.

Para abrir un novo arquivo, o editor faino nun novo “compartimento”.

Para navegar polos compartimentos facemolo do seguinte modo:

Cambiar de compartimento: C-x b.

Lista dos compartimentos: C-x C-b

Ir a un compartimento específico: C-x numero do compartimento.

Borrar un compartimento: C-x k.

Borrado, copiado e movemento de texto:

A diferenza de Vim, Emacs utiliza marcas para saber dende onde ten que copiar ou borrar un trozo de texto, polo que se queremos facer iso, faremolo dende unha marca ata o lugar onde esté o cursor.

Crear unha marca: C-@.

Cortar: C-w.

Copiar: M-w.

Pegar: C-y.

Búsqueda:

Normal: C-s. Os seguintes resultados obtéñense repetindo a combinación.

Inversa: C-r.

Búsqueda-Reempazo:

Con confirmación: M-% Correxir: Espacio.

Conservar: Supr.

Parar: , .

Sen confirmación: M-x.

Nano:

Este editor é un clon libre do editor Pico, e dende o meu punto de vista, o máis sinxelo e simple dos 3 que trato de explicar, aínda que isto pode que lle quite un pouco de potencia.

Os comandos deste editor son básicamente combinacións do tipo \hat{K} (ou o que é o mesmo CTRL+K) e M-K (ou Alt+K), e podemos ver os máis importantes nas dúas derradeiras liñas da ventá do programa.

Referencia:

Axuda: \hat{G} .

Cortar/Pegar:

Cortar: \hat{K} .

Pegar: \hat{U} .

Se queremos podemos cortar varias liñas consecutivas sen mover o cursor e pegalas todas xuntas.

Moverse polo arquivo:

Seguinte páxina: \hat{V} (F8).

Páxina anterior: \hat{Y} (F7).

Seguinte caracter: ^F.

Anterior caracter: ^B.

Seguinte liña: ^N.

Anterior liña: ^P.

Principio da liña: ^A.

Fin da liña: ^E.

Búsqueda: ^W.

Incluír o contido doutro arquivo: ^R.

Posición do cursor: ^C.

Gardar e saír:

Gardar: ^O.

Saír: ^X. Se non se gardaron os datos, preguntaranos se queremos facelo.

Para ir a unha liña en concreto: ^_.

Coloreado da sintaxe: M-Y. Esta opción non ven implementada por defecto en nano, é decir, executando simplemente iso non teremos o coloreado da sintaxe, se non que precisamos engadir unha configuración para eso no arquivo de configuración *.nanorc* do noso home. Por exemplo, buscando por google atopei un exemplo desta configuración para que coloree a sintaxe da linguaxe PHP:

<http://web.sequenz.ch/i431/php-syntax-highlight-in-nano.html>

Esto fará que cando abramos un arquivo con extensión “.php” teñamos o texto en cores, diferenciando identificadores, funcións,etc.

Parece sinxela a creación dunha configuración para colorear outra linguaxe de programación, pero iso vaise do tema que estamos a tratar, en todo caso, se vos interesa isto:

nika@xornadas:~: man nanorc

Posibilidade de suspensión:

Activar/desactivar a suspensión: M-Z.

Suspender o editor: ^Z.

Para volver ó editor utilizamos o comando fg (explicado en comandos básicos).

Conclusións:

Para gustos hai cores, e iso é aplicable nos editores, cada un ten os seus gustos e a cada un lle resulta máis comodo utilizar un tipo de combinación de teclas que outra, polo que o consello que podo dar é que probedes os editores e vos quededes co que máis vos guste.

Decir que estes non son os únicos editores dos sistemas GNU/Linux, editores como Joe, Fte ou ee tamén son utilizados.

Tamén hai que decir que non todos os editores son en consola, hainos tamen para o sistema X.

Un pequeno resumo subxectivo destes tres editores sería:

Emacs pareceume unha aplicación moi completa, pero tamén me parece un editor que ten demasiadas “features” para as cousas que eu fago e ademáis pareceume que ten unha combinación de teclas demasiado complexa.

Vim: Este editor axustase un pouco máis ás miñas necesidades, e ten un bo coloreado de sintaxe para moitas linguaxes que fai que sexa moi cómodo como editor para os programadores. As desvantaxas, ó igual que Emacs, son que para un usuario novel a interfaz deste editor pode resultar un pouco dura.

Nano é, como dixen antes, un editor menos potente e máis sinxelo, o que fai que sexa unha elección interesante para os usuarios que non estén acostumados ós editores en modo texto.

Bibliografía:

Guía de referencia y aprendizaje LINUX de Matt Welsh, Matthias Kalle Daleimer e Lar Kaufman.

As páxinas de manual dos tres editores.

Google sirve como fonte inagotable de exemplos e axuda. Se tedes algunha dúbida, antes de preguntar, probade neste buscador, o máis seguro é que teñades a solución nel.

Autor:Nika Vidal Amor.

email: nikageek _@_ gmail.com